

## Sala de exposicións do Museo Provincial



12/06/2008

## THE LIVING MUSEUM. Un legado sonoro fascinante

**Dende o 17 de xuño ao 20 de xullo de 2008.** THE LIVING MUSEUM. Un legado sonoro fascinante (Colección de instrumentos musicais dos séculos XVI ao XVIII da Fundación Orpheon). The Living Museum é un espazo musical concibido para a exhibición, interpretación e difusión da música histórica e os seus instrumentos. A idea desenvolveuse a partir da magnífica colección de instrumentos orixinais dos séculos XVI ao XVIII que atesoura a Fundación Orpheon. A principal característica desta colección reside en que todos os seus instrumentos, máis de 170 entre violíns, violas, violoncelos, violas da gamba, violas d'amore, arcos históricos, etc., poden ser utilizados para a interpretación. Esta circunstancia faina única no mundo. A localización, recuperación e restauración deste patrimonio foi posible grazas ao entusiasmo e esforzo durante máis de 20 anos do seu propietario, o mestre José Vázquez, Profesor de viola de gamba da Universidade de Música de Viena, co reto de preservar e dar a coñecer a excepcional sonoridade para a que estes instrumentos foron deseñados. Living Museum contribuíu de forma moi importante a difundir o coñecemento desta música a través dun formato moi dinámico e participativo, que integra actividades artísticas e didácticas dirixidas tanto a profesionais como a un público non especializado de todas as idades, entre elas os concertos que ofrece o ensemble Orpheon Consort, integrado por excelentes músicos de toda Europa. Presentouse en espazos como o Castello dei Duino (Italia), Salon du Patrimoine Culturel du Musée du Louvre (Francia), Château de Thoiry (Francia), Palais Lobkowitz (Viena, Austria), First International Viola da gamba Degustation (Viena, Austria), Museo Nacional de Taipei (Taiwan), Centro de Cultura Salga Ramon Llull do Goberno Balear, entre outros. Recibiu os mellores eloxios da crítica e espertou o interese de diversos medios de comunicación, entre os que destacamos as reportaxes emitidas por varias canles de televisión francesa, española e italiana. En 2007 a Fundación Orpheon foi seleccionada pola Unión Europea no marco do Programme Culture-2000 Mozart Call. Unha serie de exposicións, concertos e cursos foron financiados pola Comisión Europea, evidenciando a calidade e importancia desta colección, única no seu xénero. Nesta exposición preséntase unha selección de 80 instrumentos e arcos históricos da colección cuxa sede permanente atópase na actualidade no Castelo de Kremsegg (Austria). [www.orpheon.org](http://www.orpheon.org)

**CONCERTOS** Museo Provincial de Lugo: xoves, 12 de xuño de 2008 ás 20:00 h. Museo Etnográfico San Paio de Narla: venres, 13 de xuño de 2008 ás 20:00 h. Pazo de Tor: sábado, 14 de xuño de 2008 ás 12:00 h. Museo Provincial do Mar: domingo, 15 de xuño de 2008 ás 12:00 h. \_\_\_\_\_

**EXPOSICIÓN** Entrada gratuíta Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo Horario Dende setembro a xuño Luns a venres: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20:30 h. Sábados: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20 h. Domingos e festivos: 11 a 14 h. Xullo e agosto Luns a venres: 11 a 14 e 17 a 20 h. Sábados: 10 a 14 h. Domingos e festivos, pechado. Pechado os días: 1 de xaneiro (Aninovo), martes de Entroido, 22 de maio (Sta. Rita), e 24, 25 e 31 de decembro. Museo Provincial de Lugo Praza da Soidade s/n 27001 Lugo Tfno.: 982 242112 [info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)

Compartir en

[< voltar](#)